



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón (A Coruña)  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 11 72 98

### ANUNCIO: APROBACIÓN DAS DATAS DE CELEBRACIÓN DA FESTA DA PASCUA 2025.

En cumprimento do establecido na condición 11 do prego que rexe a licitación das autorizacións para o uso temporal do dominio público municipal para a instalación de atraccións feirais no Concello de Padrón con motivo das festas de Pascua 2024-2027, faise público que por acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de febreiro de 2025, acordouse:

<<**Primeiro.** Aprobar as seguintes datas de celebración da festa da Pascua 2025:

- Inicio da montaxe das instalacións: o 6 de abril de 2025 a partir das 19:00 horas unha vez recollido o mercado dominical e realizada a limpeza do mesmo.
- Inicio das festas e da posta en funcionamento das actividades: o 11 de abril de 2025 ás 17:00 horas.
- Remate das festas e do funcionamento das actividades: o 27 de abril de 2025.
- Data máxima para a desmontaxe das instalacións: o 2 de maio de 2025 ás 23:59 horas.

**Segundo.** As persoas titulares das autorizacións concedidas por Decreto do Alcalde 220/2024, do 14 de marzo (corrección de erros por DA 224/2024, do 14 de marzo), Decreto 226/2024, do 15 de marzo, e Decreto 237/2024, do 19 de marzo, deberán proceder ao pagamento do prezo de adxudicación da parcela ou parcelas, correspondente ao exercizo 2025, no prazo máximo de 10 días naturais contados desde a publicación deste acordo no BOP, empregando para elo o o Modelo de autoliquidación que se recolle como Anexo A ao prego de condicións aprobado no exercizo 2024 e que se pode descargar da páxina web do Concello ([www.padron.gal](http://www.padron.gal)).

No suposto de que o licitador-adxudicatario non cumplimentase este pagamento no prazo sinalado declararase extinguida a autorización e procederase á adxudicación ao licitador coa seguinte oferta máis ventaxosa economicamente de acordo á listaxe realizada pola Mesa de Licitación, de existir. Para o suposto de non constar ningunha outra oferta o Concello de Padrón poderá convocar un novo procedemento de adxudicación.

**Terceiro.** Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Tesourería.

**Cuarto.** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na páxina web ([www.padron.gal](http://www.padron.gal)), no Taboleiro de anuncios electrónico do Concello (<https://sede.padron.gal/sxc/gl/informacion>) e no da Casa do Concello, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do presente acordo, ante o señor Alcalde.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do presente acordo.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente>>

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca